



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

**Título orixinal: LES VACANCES DU PETIT NICOLAS**

O Nicolasiño, os personaxes, as aventuras e os elementos característicos do universo do Nicolasiño, son unha creación de René Goscinny e Jean-Jacques Sempé. Os dereitos de depósito e de explotación de marcas ligadas ao universo do Nicolasiño quedan reservados a IMAV éditions. Le Petit Nicolas® é unha marca rexistrada verbal e figurativa. Todos os dereitos de reprodución ou de imitación da marca e de calquera dos seus logos están prohibidos e reservados.

© 2013, IMAV éditions / Goscinny - Sempé

Première édition en France: 1962

© Da tradución: 1985, María Luísa Álvarez Santamarina

© Desta edición:

2017, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-04-4

Depósito legal: M-1069-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2017

Directora da colección:

Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Ester Marín, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# **As vacacións do Nicolasiño**

Goscinny-Sempé

oqueleo



Acabou un traballOSO curso escolar. Nicolás gañou o Premio á Elocuencia que, no seu caso, é unha recompensa, máis ca á calidade, á cantidade. Tamén se despediu dos seus amigos, que se chaman Alcestes, Rufo, Eudes, Godofredo, Maxencio, Xoaquín, Clotario e Agnan. Os libros e os cadernos están aparcados e, agora, hai que pensar nas vacacións.

Pero, na casa de Nicolás, elixir o sitio para iren de vacacións, non representa absolutamente ningún problema porque...



## O que decide é papá



Todos os anos, é dicir, o pasado e o outro, porque antes hai moito tempo e non me acordo, papá e mamá énchense de rifar para saber a onde imos de vacacións, e despois mamá bótase a chorar dicindo que ela vai para a casa da súa nai e eu choro tamén, porque lle quero moito á avoa, pero na súa casa non hai praia, e ao final imos a onde quere mamá e non é á casa da avoa.

Pero onte, despois da cea, papá mirou para nós con pinta de enfadado e dixo:

—Escoitádeme ben! Este ano non quero discusións, xa o teño todo decidido! Iremos ao sur. Teño o enderezo dun chalé que alugan na Praia dos Piñeiros: tres cuartos, auga corrente e elec-

tricidade. Nin me mentedes a possibilidade de irmos comer a un hotel unha comida noxenta!

—Moi ben, querido —dixo mamá—, parececheme unha grande idea.

—Mola! —dixen eu, e púxenme a correr ao redor da mesa, porque cando se está contento é difícil quedar sentado.


8 Papá abriu os ollos coma pratos, como fai sempre que se sorprende por algo e dixo:

—Vaia!, parecevos ben?

E mentres mamá recollía a mesa, papá foi buscar as súas lentes de pesca submarina ao armario.

—Xa verás, Nicolás —díxome papá—: imos facer unhas expedicións de pesca tremendas nós os dous.

A min deume algo de medo porque aínda non sei nadar moi ben; se me colo-



can ben enriba da auga fago o morto, pero papá díxome que non me preocupase, que me ía aprender a nadar, que fora campión interrexional de natación libre cando era máis novo e que aínda podería bater marcas se tivese tempo para adestrar.

—Papá vaime aprender a practicar a pesca submarina! —díxenlle a mamá cando volveu da cociña.

—Moi ben, querido —respondeu mamá—, aínda que, segundo parece, no Mediterráneo xa non hai moito peixe. Hai pescadores de máis.

—Non é certo! —dixo papá. Pero mamá pediulle que non a contradixese diante do pequeno; se dicía iso era porque o lera nun xornal. Despois colleu a súa calceta, unha calceta que empezou hai xa unha chea de días.

—Pero logo —díxenlle a papá—, se non hai peixe, imos parecer dous pallasos debaixo da auga!

Papá foi levar outra vez as lentes ao armario, sen dicir nada. Eu non estaba moi con-

tento que digamos: é certo, vaia, sempre que vou de pesca con papá ocorre o mesmo: non traemos nada. Papá volveu e colleu outra vez o xornal.

—E logo —dixen—, onde hai peixes para a pesca submarina?

10 —Pregúntalle a túa nai —respondeume papá—, é unha experta.

—Hainos no Atlántico, querido —díxome mamá.

Eu preguntei se o Atlántico estaba lonxe do sitio ao que iamos, pero papá díxome que se estudase un pouco máis na escola non faría preguntas coma esa, e iso é unha inxustiza, porque na escola non temos clase de pesca submarina: pero non dixen nada, de-  
cateime de que papá non tiña moita gana de falar.

—Haberá que facer a lista das cousas que hai que levar —dixo mamá.

—Ah! Non! —berrou papá—. Este ano non imos marchar disfrazados de camións de mu-



danzas! Só levaremos bañadores, pantalóns curtos, roupa lixeira, algún xersei...

—E potas, a cafeteira eléctrica, o cobertor vermello e algo de louza —dixo mamá.

Papá ergueuse de golpe, moi enfadado, e abriu a boca, pero non puido falar porque mamá lle parou os pés.

—Ben sabes —dixo mamá— o que nos contaron os Blédurt cando alugaron un chalé o ano pasado. Toda a vaixela que había consistía en tres pratos esportelados e, na cociña, dúas potas pequenas, unha delas cun furado no fondo. Tiveron que mercar alí, a prezo de ouro, o que lles facía falta.

11



—Blédurt non sabe  
apañarse —dixo papá.  
E sentou outra volta.

—É posible —di-  
xo mamá—, pero se  
queres unha sopa de  
peixe non a podo facer  
nunha pota furada,  
aínda que cheguemos  
a conseguir o peixe.



Daquela, eu boteime a chorar porque, iso é certo, non é nada divertido ir a un mar onde non hai peixe, mentres que, non moi lonxe, están os Atlánticos cheos a varrer. Mamá deixou a súa calceta, colleume no colo e díxome que non tiña que estar triste por culpa dos parvos dos peixes e que estaría moi contento todas as mañás ao ver o mar desde a ventá do meu fermoso cuarto.

—Home —explicou papá—, desde o chulé non se ve o mar, pero non está moi lonxe. Queda a uns dous quilómetros. É o último

chalé que quedaba por alugar na Praia dos Piñeiros.

—Pois claro, querido —dixo mamá. E bi-coume e fun xogar enriba da alfombra coas dúas boliñas que lle gañei a Eudes na escola.

—E a praia? Está chea de croios?

—Non señora! Nada diso! —berrou papá moi contento—. É unha praia de area! De area finísima! Non se atopa un triste croio nela!

13

—Que ben! —dixo mamá—. Así, Nicolás non pasará o tempo tirando croios para que reboten na auga. Desde que lle aprendiches a facer iso ten verdadeira paixón.

Entón dei en chorar outra vez, porque é certo que está super ben facer rebotar os croios na auga; fágoos saltar ata catro veces. E non é xusto que vaíamos a ese chalé vello, con potas furadas, lonxe do mar, nun sitio en que non hai nin croios nin peixes.

—Eu vou á casa da avoa! —berrei, e deille unha patada a unha das boliñas de Eudes.

Mamá volveume coller no colo e díxome que non chorase, que papá era, de toda a familia, o que máis precisaba das vacacións e que, mesmo se non valía nada o sitio ao que quería ir, había que ir aparentando estar contentos.

—Pero, pero, pero... —dixo papá.

—Eu quero facer rebotar os croios no mar!

14 —berrei.

—Faralo, se cadra o ano que vén —díxome mamá—, se papá decide levarnos a Bains-les-Mers.

—A onde? —preguntou papá, que ficou coa boca aberta.

—A Bains-les-Mers —dixo mamá—, na Bretaña, onde está o Atlántico. Hai moitos peixes, e un hotel pequeniño moi chusco que dá a unha praia de area e de croios.

—Quero ir a Bains-les-Mers! —berrei—, quero ir a Bains-les-Mers!

—Pero, querido —dixo mamá—, hai que ser razoable, o que decide é papá.

Papá pasou a man pola cara, refofgou e dixo:

—Está ben!, xa te entendo. Como se chama o teu hotel?

—Fermosa Ourela, querido —dixo mamá.

Papá dixo que estaba ben, que ía escribir para ver se aínda quedaban cuartos.

—Non paga a pena, querido —dixo mamá—, xa está feito. Temos o cuarto 29, fronte ao mar e con cuarto de baño.

E mamá díxolle a papá que non se movese porque quería ver se o longo do xersei que estaba a calcetar lle ía ben. Ao parecer, as noites na Bretaña son algo frías.

Como o pai de Nicolás xa tomara a súa decisión, só faltaba arrombar a casa, poñerlles as fundas aos mobles, quitar as alfombras, descolgar as cortinas e facer as maletas, sen esquecer os ovos cocidos e os plátanos para comer no tren.

